

Destinos da pulsión

Tíña unha débeda co meu amigo e colega Fidel Vidal “Luco”. En 1977, prologou o meu libro titulado *Control de natalidade. Métodos contraceptivos*, publicado polas desaparecidas Edicións do Rueiro. Desde os primeiros anos como estudante de medicina, Fidel significábase pola súa capacidade creativa, desafiante e pouco acomodaticia. A súa condición de médico psiquiatra acompañouno sempre nas súas incursións na pintura e tamén como ensaísta.

Trátase, entón, de pulsión e destinos da pulsión (Freud), en relación ca “necesidade subxectiva fantástica” (Gradiva), que Fidel Vidal imprime nos seus “ensaíos”, onde a loucura, a arte, a creatividade, o inconsciente, o naturismo, a marxinalidade...esvaran en pura asociación libre, cun fío condutor, sempre no límite de querer conseguir, un intercambio, cáseque unha

Desde as agullas do reloxo



CIPRIANO LUÍS
JIMÉNEZ CASAS

Estamos acordos con Freud e Dubuffet, e non tanto con Jung (inconsciente colectivo), da imposibilidade de que dun enfermo mental (esquizofrénico), en función da súa enfermidade poidan saír “capacidades” artísticas. O profesor Villamil tratou de soste a teses jungiana na súa correspondencia con Freud (1935), a través dun doente de escasa cultura, internado en Conxo, e con capacidades escultóricas. Freud respondeulle a Villamil acerca de como unha criada analfabeta, tratada por el, falaba correctamente en hebreo durante un delirio. Investigando o caso, acontecía que esta muller escoitaba cada día ao pastor,

den influír nos creadores ou críticos...a alienación, por si mesma (van Gogh), non constitúe marxinalidade”.

A segunda parte do libro, “Outros excesos”, fai un percorrido que vai desde o mito de Don Juan - o cal o gozo; “non esta na vivencia, senón no relato da mesma”- deica o suxeito na rede que “sexa cal sexa, grande ou pequena, é sempre a mesma: a rede comercial”. Fidel Vidal confesa a súa vivencia: “a do ollo posto na man...dunha quentura branda e morna...(que) se pode ofrecer en premio a axilidade atenta dun gato”. Experiencias que o afastaron da súa inicial aproximación a oftalmoloxía. Os puntos Benday de Lichtenstein fan referencia a

BSERVAMOS O
HORROR Á VIDA,
PERO TAMÉN A
ÉXTASE DIANTE DO
PROPIO VIVIR

un dos representantes do pop art. O pintor das “tiras cómicas”, quen pasou de ser o peor artista de Estados Unidos a acadar, a finais de 2005 e coa súa obra *In the car* a poxa record de 16,2 millóns de dólares (unha das maiores marcas históricas en volume de cartos). A paixón estruturada de Leopoldo Novoa; “obra aberta ao abismo, ao escuro...onde o desexo devén insatisfacción”.

Ser e morte: As agullas do reloxo. *Só ante o perigo*, de Fred Zinnemann é un reloxo analóxico; o de: *Amorados salvaxes* de Ingmar Bergman, un reloxo analóxico sen agullas.

O mal d’*As flores do mal* reflexiona sobre as dualidades de Baudelaire: O horror á vida e a éxtase ante a vida. Interesa deste libro de Fidel Vidal, a aventura de poder lelo.

VIDAL, Fidel, *Arte na esquizofrenia e outros excesos*, Ed. Laiovento, Santiago, 2008, 135 páxinas.

interpe-
netración
consciente, racional
e irracional, temporal e
atemporal ao tempo, de
afectos e pensamentos.

Como sinalou Pitágoras: “A vida é como unha competición atlética; algúns son loitadores, outros vendedores ambulantes, pero os mellores son os espectadores”. Eu síntome un espectador, diante deste libro de ensaios, no que Fidel Vidal, asocia impresións sensoriais co pensamento.

e n
cuxa casa
servía, estudar
esa lingua hebreo en voz
alta. A xenialidade creativa, tal como sostén Fidel nos seus ensaios, “non está nin na infancia nin na loucura...da produción chamada marxinal...só algunhas obras entran no diálogo da historia...aquelas que influíron ou po-

